



ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Manuel Rodríguez Meira

Pte. Comité Xuíces

D. Ramón Souto Perez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Oscar Ramos Vázquez

Pte. comité de Black-Bass

D. Pedro Bolaño Pérez

Pte. Comité de Auga Doce

Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e Spinning

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ESTAMENTO DE XUÍCES

D. Pablo de Andrés Vales

D. Manuel González Martínez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

D. Roberto Martínez Díaz

Dña. Pilar Rey García

D. Jorge García Duarte

D. Oscar Arosa García

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 20 de Febreiro de 2020** vía telemática para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2020.
- 3.- Cotas altas novos clubs/sociedades 2021.
- 4.- Presentación e aprobación, se procede, do proxecto ESCOLAS DE PESCA.
- 5.- Información sobre a asemblea xeral da FEPYC.
- 6.- Seguro accidentes.
- 7.- Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 17:00 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Remitida a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria e non habendo obxeccións queda aprobada por unanimidade.

2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2020.

Remitidas a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria, O Presidente informa sobre as modificacións e corrección de erros. Non habendo obxeccións, quedan aprobadas por unanimidade.

3.- Cotas altas novos clubs/sociedades 2021.

O Presidente informa sobre a solicitude de novos clubs e asociacións a incorporarse como clubs adscritos a FGPeC. Dado que na Asemblea Xeral Ordinaria do 5 de decembro de 2020 no punto 6.8 se acordou o pago anual do 50% do canon para o vindeiro 2021 aos clubs e sociedades xa adscritas a FGPeC, propónse a votación se estes novos clubs e asociacións deben pagar a cota 200€ de canon habitual ou so 100€.

Trala votación acadase o seguinte resultado:

8 votos a favor de cobrarlles 100€ de cota anual para o vindeiro 2021

3 votos a favor de cobrarlles 200€ de cota anual para o vindeiro 2021

4 Abstencións

Por tanto, queda aprobada por maioría o cobro de 100€ de cota anual aos clubs que se incorporen a FGPeC por primeira vez.

4.- Presentación e aprobación, se procede, do proxecto ESCOLAS DE PESCA.

O Presidente informa do aumento a tres proxectos por provincia onde o responsable de Salmónidos Mosca Xuventude será David Arcay.



ESTAMENTO DE CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓNS

D. Kiko Campelo

Asoc. Deportiva O Escarapote

D. Juan Manuel Pérez Muiño

Sociedade de Pesca Río Mandeo

D. Juan Manuel Castro Fuentes

S.P.D. Neria

D. Manuel Rodríguez Meira

Club Pesca Monforte

D. Iván C. Rodríguez Sánchez

Club Marítimo de Oza O Puntal

Dña. Raquel Ferreiro

Club de Pesca Deportiva Moita Escama

D. Antonio Cortés Araujo

Club de Pesca O Peixe

D. Alberto M. López Redondo

Asoc. Dep. "Peña O Rodaballo"

Tamén informa que está proxectado unha tecnificación para as competicións de Mar-Costa.

Jorge García pregunta sobre o tempo de duración do proxecto. O Presidente informa que se propuxo 10 anos para darlle continuidade.

Sométese a votación dos assembleistas co resultado de 10 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións polo que queda aprobado por maioría seguir adiante co proxecto.

5.- Información sobre a asemblea xeral da FEPYC.

O Presidente informa sobre a derradeira Asemblea Xeral coa FEPYC.

Tamén comenta que a data de hoxe, na Web da FEPYC estanse a realizar trocos nos reglamentos das competicións, sen que dispoña de máis información.

6.- Seguro accidentes.

O Presidente informa da modificación de condicións na poliza de seguros de accidentes, acadando os 3000€ por accidente dental grave.

Tamén invita, tralos rumores xurdidos pola suposta NON cobertura de accidentes deportivos fora das competicións da actual poliza de seguros, a que todo o mundo consulte as condicións da poliza na Web da FGPeC para solventar dubidas.

7.- Rogos e preguntas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a Asemblea as 18:05h

Eu coma secretario dou Fé.



Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:

Manuel Mouzo Méndez
Presidente